

Atrás da obra, o home

Betanzos e Manuel López Castro

POR BRAIS DA BOUZA



Manuel López Castro, ao cumprir dez anos na Polifónica, recibe a Medalla de Ouro da mesma de mans de Manuel Vidán Torreira, delegado provincial de Cultura. O alcalde, Vicente de la Fuente García—esquerda—e Edmundo López Díaz, presidente da Polifónica, ven a imposición.

/

O seu interés pola Música provén, dunha banda, da influencia familiar, e doutra, da parroquial. Nacéu na feligresía de Santa Comba de Louro-Cordeiro, concello de Valga, Pontevedra, o 12 de xullo do 1944. Foi fillo de labregos e membro de familia numerosa. De neno tiña moito ouvido para a Música. Con nove anos ingresa no Seminario compostelán. Aquí a súa voz de tiple fai que se fixen nel, e axiña témolo na Schola Cantórum dese centro e ao tempo como neno de coro na Catedral. Desta experiencia ven a súa inclinación pola Polifonía. No Seminario, en Música, levóu as máximas calificacións. Dirixirá esa Schola por confiar nel o coengo responsábel da mesma. Nos seis últimos anos de seminarista, polos vrans, e sempre ca

vista posta na Polifonía, vaise para Salamanca, en cuia Escuela Superior de Música completa a súa formación: cursa Solfeo, Armonía, Composición, Estética Musical, Paleografía Musical e Dirección Coral. Gradúase de mestre e de licenciado en Canto Gregoriano. Tivo nesta Escuela como profesores, entre outros, a Samuel Rubio e a López Calo.

O 13 de agosto do 1966 é ordenado crego. Celebra a primeira misa na súa parroquia nadal. Padrón é o seu inicial destino, e logo vense para Betanzos.

Chega aquí o 5 de xullo do 1968.

II

Trece anos nesta cidade para un home como el, sacerdote proietado a diversas actividades sempre ca mira de elevar culturalmente ao pobo, e de elevarse con el, un crego que, nesa liña, fundou e sostén co seu interés unha polifónica; que tivo que ver ca instalación da filial do Conservatorio de Música da Coruña; que está implicado na Hermandad de Donantes de Sangre; que fundou, aquí, as majorettes; que era chamado polas comisións de festas para montar o Día do Emigrante e para animar a festa infantil; que dá clase de Relixión nun instituto da localidade, trece anos nese plan a vivir en Betanzos danlle pé para que nos diga cómo nos ve.

Pois venos apáticos; positivamente atopa o que esixamos cousas boas, ben feitas, pero non hai unha correlativa responsabilidade para logralas e, no seu caso, sostelas; ganaríamos con que houbese menos crítica negativa, e tampouco é para poñerse tan farrucos co pasado do pobo, supoñendo que se coñeza ben, como non hai por qué mirar por riba da hobreira a todo señor ou señora que non sexa de Betanzos. Pechámonos en nós, e como consecuencia ven a crítica ao persarmos que o que fan os demais non ten demasiado valor. Respondemos millor cando hai que remediar necesidades inmediatas que cando temos diante obxetivos a longo prazo: solucionamos antes unhas escaseces dos vellos para mañán mesmo que contribuímos con perseverancia a que se lles vaia facendo un novo asilo. Reina o bon humor entre nós —pode verse cando os Caneiros— pero ao tempo non nos responsabilizamos como é debido no caso de que as cousas vaian mal.

III

Dun tempo a esta parte retróuxose á hora de se meter en actividades. Ten levado os seus desplantes e ademáis atopa que últimamente hai unha excesiva politización do que se fai. Síntese demasiado visto en Betanzos. Son dúas empresas as que, principalmente, o reteñen nesta cidade: a Polifónica e o Catecismo de Santo Domingo. Por este está en contacto cos nenos e cas súas familias.

Na Polifónica fíxose moito pero eso non quita que el, como todo impulsor, desexase e desexe chegar con ela mais alto. Humanamente, está satisfeito da Coral: nela reina a amizade, hai un algo afectuoso que vencella á xente. Esta —agás unha minoría, e á cabeza dela Carlos Alvarez López— non é constante para ir aos ensaios. Comparte a crencia de que cando el se vaia desfaisese esa colectividade, inda que tería unha grande lelicia que non sucedese tal cousa.

Manuel López Castro, desde Betanzos, preocúpase por estar ao tanto das novas en materia polifónica, e por eso apúntase a cursiños que se fan en diversas localidades. Por outra banda, síntese, entre nós, sin compañía á hora de ter con quen compartir as súas inquedanzas musicáis.

Porque é home temperamental, porque se verte na tarefa que teña diante —dirixindo os ensaios, por exemplo—, dálle ás veces o xenio. Pero todo pasa axiña. É mais: pode que ao pouco tempo xa non se acorde do que dixo.

Este ano tivo unha delicada intervención quirúrxica na gorxa: menos mal que o pólipo foi collido a tempo. Ten —ao rematar o 1981— que andar calado e para comunicar algo debe valerse dunha pizarra.

IV

O alcalde di que gracias á Polifónica, principalmente, os betanceiros temos un saber escoitar a música e, correlativo, un saber estar para escoitala. Digo eu —o que esto firma— agora que será ben que o Axuntamento vaia pensando en darlle a Manuel López Castro unha distinción. Xa sabemos que este crego non fai o que fai —nin fixo o que fixo— para conseguir recompensas, antes ben xa se dixo que a súa actividade está baseada na intención de promocionar culturalmente ao home, e concretamente ao home betanceiro. Isto non quita que se lle ofreza esa distinción.

Ca Polifónica, de portas afora, vai o nome de Betanzos con dignidade.